



NOTA DE PRENSA 28/02/08

ENTREGA DAS ALEGACIÓNS CONTRA A CONCESIÓN DA “AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA” A ENCE.

A “Asociación Pola Defensa da Ría” de Pontevedra fará entrega este sábado no rexistro da delegación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible das máis de 4.000 alegacións recollidas ao longo destes días de campaña contra a concesión da AAI á fabrica pasteira de Lourizán.

A entrega das alegacións faráse sobre as 12,30 horas do día 1 de marzo no edificio administrativo que a Xunta de Galicia ten na rúa Benito Corbal, onde a APDR instalará unha última mesa pública para facilitar que todas aquelas persoas que teñan no seu poder alegacións poidan facelas chegar á Xunta de Galicia. Neste sentido, a APDR fai un chamamento aos seus asociados e asociadas e a todas as persoas que desexen amosar o seu rexeitamento á consolidación do complexo ENCE-ELNOSA na súa actual ubicación para que se acheguen á citada mesa, que permanecerá desde as 11,30 h ata as 12,30 h, e participen no acto da entrega formal de alegacións.

Desde a APDR queremos deixar constancia do amplísimo rexeitamento que a poboación de Pontevedra e a bisbarra ten amosado nestas datas contra a presenza da CELULOSA na nosa Ría, un sentimento que –non nos cabe nengunha dúbida- é xa absolutamente maioritario, e que ten que facer mudar a actitude do goberno galego para co complexo, unha actitude timorata cando non de sometemento aos intereses empresariais. Existen razóns dabondo para negar a AAI a ENCE, e moito nos tememos que a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia remate concedendollela sen ter en conta a ilegalidade desta decisión –contraria por certo ao acordo programático asinado polo BNG e PSOE ao chegar ao goberno autonómico- nen moito menos o sentir maioritario da poboación.

Xa por último, desde a APDR queremos dar as grazas a todas cantas persoas teñen asinado a súa alegación persoal contra ENCE e colaborado coa nosa asociación no proceso de recollida de alegacións.

Pontevedra, 28 de febreiro de 2008